


VOCABULARIO DE CONCEPTOS E TERMOS ARTÍSTICOS*

*Os termos están collidos do blog:

<http://vieirosdicionario.blogspot.com/search/label/>

Ábsida: espazo xeralmente semicircular pero tamén poligonal ou rectangular, orientado cara ó leste, que remata a cabeceira dalgúns igrexas e na que se sitúa o altar. Pode haber unha ou máis ábsidas, sempre número impar e a central de maior desenvolvemento.



En ocasións, por exemplo na arte románica e gótica, unha ábsida acolle pequenas ábsidas secundarias que se denominan absidiolas.



Escultura (ampliación non entra no vocabulario ABAU pero é importante): a escultura é a arte de modelar, tallar ou esculpir en distintos materiais. **Presenta dúas modalidades:**

Escultura de vulto redondo: aquela que pode ser contemplada desde calquera punto de vista ao seu redor pois non está adosada a nada e está traballada por todos os lados. Tamén denominada exenta.

Pola contra o relevo está realizado sobre unha superficie sobre a que resaltan en maior ou menor medida, o que da lugar á diferenciación entre alto e baixo relevo. (si entra)



Altorrelevo: aquel relevo que sobresaí do seu fondo máis da metade do seu vulto. (foto dereita)



O aparello é a forma na que se dispoñen os elementos para a construción dun muro. **Variedades de aparello:**

Aparello almofadado:

aquel muro de cantería no que os perpiaños presentan as xunturas biseladas ou refundidas de xeito que a súa parte frontal resulta en relevo. (foto esquerda)



Aparello de cachotería: O construído con materiais non uniformes, normalmente de pedra sen labrar ou de tosca labra, e aparelado de forma irregular. No caso de ser en seco, sen morteiro, adoita calzarse con cascallos ou ripios para o mellor asentamento dos cachotes. (dereita)




Aparello de perpiaño: muro realizado con pedras cortadas a escuadra, de sección rectangular e paralelepípedas, ben traballados e de xuntas finas. (dereita)




Arcobotante: arco exterior rampante -con arranques a distinta altura- que descarga sobre o muro ou sobre un contraforte exterior, os empuxes laterais das bóvedas. Serve tamén para conducir as augas de choiva ata as gárgolas a través da canle no seu extradorso.

Característico da arquitectura gótica.




Arcos (ampliación non entra no vocabulario ABAU pero é importante): Os arcos son elementos sustentantes de trazo curvo que salvan o espazo baleiro entre dous muros ou dous soportes. Descargan os empuxes verticais do peso que soportan desviándoos aos apoios laterais.


Partes:



a) **Doela:** cada unha das pezas en forma de cuña nas que se divide a estrutura do arco.



b) **Clave do arco:** a doela central en forma de cuña que pecha o arco.




Tamén as bóvedas contan coa súa clave.

c) **Imposta:** fiada de pedra ou ladrillo, a miúdo sobresaínte, sobre a que se asentan un arco ou unha bóveda.



d) **Salmer:** a primeira doela, inmediata ó arranque.




e) **Luz:** é a súa anchura ou dito doutro xeito a distancia entre os seus apoios. Tamén se emprega o termo para a anchura de calquera vano.

f) **Frecha:** é a altura do arco desde o seu arranque, ou liña de impostas, ata a clave.

g) **Intradorso:** a parte interior e cóncava.


h) **Extradorso:** a parte exterior e convexa.




Arco apuntado: o constituído por dous segmentos de circunferencia de igual radio e de dous centros no seu trazado. Forma un ángulo na clave. Denomínase tamén arco oxival.



Arco de ferradura: aquel de curvatura superior á semicircunferencia. Pode ter maior ou menor frecha. Na arte califal presenta un peralte da metade do radio mentres na arte visigoda o peralte é dun terzo.



Arco de medio punto: aquel de curvatura semicircular, de xeito que a frecha é igual á semiluz.



Arco de faixa (faixón ou perpiaño): arco de medio punto que cingue a bóveda de canón para reforzala e se dispón transversalmente ao eixo lonxitudinal da nave dividíndoa en tramos. (A) Adoita reservarse o término de arco de faixa para as bóvedas de canón, polo tanto serían arcos de medio punto, e o de perpiaño para as de aresta ou de crucería, de modo que serían arcos apuntados.



Arco perpiaño




Arco de faixa




Arco formeiro: o disposto paralelamente ao eixo lonxitudinal da nave e que a separa da outra nave. (B) (foto superior)



Arco peraltado: aquel de medio punto con prolongación rectilínea no seu arranque de xeito que supera a media circunferencia e a frecha é maior que o radio ou semiluz. Ou tamén, cando o centro da semicircunferencia está por riba da liña de impostas. (foto superior esquerda).




Arco rebaixado: aquel arco de curvatura inferior á media circunferencia, de xeito que a frecha é superior á semiluz. Ou cando o seu centro está por debaixo da liña de impostas



Arquitrabe: parte inferior do entaboamento (ver definición) que apoia directamente sobre a columna. (1)



Arquivolta: cada unha das roscas ou molduras dispostas de xeito concéntrico en torno dun arco. O conxunto de arquivoltas crea unha portada abucinada. Son propias da arquitectura románica e gótica presentando habitualmente decoración tanto figurada coma xeométrica.



Baixorrelevo: aquel relevo que sobresaí do seu fondo menos da metade do seu vulto (foto esquerda)

Baldaquino: estrutura a modo de dosel apoiado en catro piares ou columnas que se sitúa sobre o altar ou sobre unha tumba. (foto dereita)




Baptisterio: edificio, polo regular de planta central, destinado ao bautismo. Tamén se denomina así o lugar onde se atopa a pía bautismal dentro das igrexas. (dereita)

Base: parte inferior da columna ou piar sobre a que repousa o fuste. Adoita combinar molduras variadas: cuadrangulares, concávas e convexas (plinto, escocia, toro, bocel), mais ou menos labradas. (inferior)



Bóvedas (ampliación non entra no vocabulario ABAU pero é importante): cuberta arqueada que cubre un espazo entre muros ou entre soportes. Presenta diversas variantes.

Bóveda de arista: cuberta que se forma ao se cruzaren perpendicularmente dúas bóvedas de canón de igual frecha resultando dese cruce catro aristas angulares.



Bóveda de canón: cuberta semicilíndrica, orixinada polo desprazamento dun arco de medio punto sobre soportes paralelos ao longo dun eixo lonxitudinal.

Bóveda de cruzaría: Cuberta abovedada que se forma polo cruce (clave) en aspa de arcos ou nervios estruturais sobre os que se apoia a cuberta propiamente dita ou plementería con función de recheo.



A forma máis sinxela é a de catro nervios e catro plementos (cuatripartita), pero os nervios poden multiplicarse (terceletes), teremos entón bóvedas sexpartitas (1), reticuladas, de abano (3), estreladas (2),...



Nervos

Clave

Plementos




Cadro de Historia: xénero pictórico que representa escenas históricas, literarias, bíblicas ou lendarias, e que trata de ser moralmente edificante ou ter carácter conmemorativo. Adoitan ser cadros de gran formato por necesidades do seu contido narrativo.



Cadro de xénero: Xénero pictórico que representa escenas e temas tomados da vida de acotío. Caracterízase polo seu grande realismo.




Canon: norma que regula as relacións de proporcións ideais entre as partes dun edificio ou entre os membros do corpo humano a fin de establecer un modelo de máxima beleza e harmonía




É un termo de orixe grega que significa regra, modelo. Exemplos: o Partenón segue a proporción áurea ou *divina proporción*.

Policleto estableceu un canon para a figura humana de 7 cabezas.



Os exipcios fixaron un canon de 18 puños.

Leonardo da Vinci fixa estas proporcións. Tamén recolle o número áureo. Posto que se basou nos textos de Vitruvio, este estudio coñécese coma Home de Vitruvio. [Investiga](#) sobre o número áureo (ϕ) e a divina proporción.




Columna (piar ou pilastra) (ampliación non entra no vocabulario ABAU pero é importante): elemento sustentante destinado a recibir as cargas verticais dunha obra de arquitectura. Componse de tres partes: **base**, **fuste** e **capitel**.



Base: parte inferior da columna ou piar sobre a que repousa o fuste. Adoita combinar molduras variadas: cuadrangulares, concávas e convexas (plinto, escocia, toro, bocel), mais ou menos labradas. (dereita)

Fuste: corpo cilíndrico da columna desde a basa ata o capitel. (esquerda).

Entase: engrosamento do fuste dunha columna, na súa parte central, para corrixir as desviacións da perspectiva e conseguir que pareza recta en lugar de cóncava, que é como parecería de carecer de entase. (dereita)




Os fustes poden adoptar formas diferentes. Nos exemplos: **fuste sogueado** (1), **fuste fasciculado** (2), **fuste salomónico** (3), **fuste almofado nun piar** (4)



O **capitel** é a parte superior da columna, piar ou pilastra que se sobrepón ao fuste e que sostén directamente o arquitecamento ou un arco. Adoita estar decorado e adopta formas moi diversas.


Capitel composto: capitel de creación romana por fusión de elementos xónicos e corintios, mesturando follas de acanto e volutas.




Capitel corintio: capitel clásico que presenta follas de acanto dispostas en dúas ou máis filas, as inferiores moi curvadas cara á fora e as superiores enroscadas (caulículos).



Capitel dórico: o capitel clásico constituído por **equino**, moldura circular e convexa, e **ábaco**, peza a modo de taboíña.



Capitel xónico: o capitel clásico formado por **volutas** ás que se superpón un ábaco.



A diversidade de capiteis ao longo da historia é inmensa (non entra).



Ciborio: construción elevada sobre o cruceiro dunha igrexa, en forma de torre de planta cadrada, octogonal ou poligonal, que encerra no seu interior unha cúpula e que pode ir rematado por un chapitel (bulboso, cónico, piramidal).


Os ciborios realzan e iluminan o cruceiro.

Son notables o grupo de ciborios románicos do Douro: Catedral vella de Salamanca, Zamora, Toro.



Claroscuro: técnica pictórica que se serve dun forte contraste de luces e sombras, zonas iluminadas e zonas escuras, a fin de acentuar os volumes e resaltar a profundidade.

Cando o claroscuro é moi marcado para remarcar o dramatismo, falamos de **tenebrismo**.



Clave dun arco: a doela central en forma de cuña que pecha o arco (dereita superior)

Columna salomónica: soporte arquitectónico de base circular e fuste helicoidal. (dereita)

Contraforte: engadido exterior groso a modo de pilastra que serve para reforzar o muro e contrarrestar os empuxes das bóvedas.



Contraposto: palabra italiana que serve para expresar a oposición harmónica das distintas partes do corpo da figura humana, especialmente cando algunha deles se encontra en movemento ou en tensión e a súa simétrica en repouso.

Unha perna queda afincada no solo mentres a outra dobra e adiantase, o que repercute na cadeira e nos ombreiros. A mesma oposición tensión-relaxación se mostra nos brazos, ao tempo que a cabeza xira lixeiramente.

Favorece a sensación de movemento e rompe a lei de frontalidade.



Cor plana: é aquela que se aplica por igual sen graduación tonal nin efectos de claroscuro.



Cor primaria: as que non se poden reducir a outras porque non resultan de ningunha mestura.

Son primarias: **amarelo cadmio, azul cian e vermello maxenta.**




Cor secundaria ou binaria: as que se obteñen por mestura de dúas cores primarias. As tonalidades obtéñense pola maior ou menor saturación de cada unha das cores.

Verde, por suma de amarelo cadmio e azul cian.


Laranxa, por suma de amarelo cadmio e vermello maxenta.

Violeta, por suma de azul cian e vermello maxenta.

Imaxe da dereita cores primarias e secundarias non círculo cromático.



Cor complementaria: contraste cromático dunha cor secundaria cunha primaria que non entra na súa composición. Están opostas no círculo cromático. Por exemplo a complementaria da alaranxada é o azul cian (non entra na súa composición). Do verde é o vermello maxenta e do violeta o amarelo cadmio (polas mesmas razóns).




Nesta obra, un retrato de Matisse (dereita), Derain emprega as cores complementarias para favorecer os contrastes.

[Vídeo explicativo sobre as cores realizado por EducaThyssen](#)



Cornixa: na arquitectura clásica, parte que sobresaí no alto do entaboamento despois do friso. En xeral, a parte superior e saínte que remata un edificio. (3)





Cúpula: cuberta semiesférica xerada pola rotación dun arco que cobre un espazo de planta circular, poligonal ou cadrada. Nestes dous últimos casos precisa apoiarse sobre pendentes (pechinas) ou trompas.




Curva praxiteliana: contrabalanceo acusado do contraposto, ata adquirir trazo curvilíneo ou en S, que acentúa a sensación de dinamismo. Caracterizaba a composición das esculturas de Praxíteles.




Deambulatorio: corredor que rodea a traseira do altar maior. Adoita ser prolongación das naves laterais nas igrexas de tres naves. Tamén chamado xirola.



Doela: cada unha das pezas en forma de cuña nas que se divide a estrutura do arco.



Entaboamento: estrutura arquitectónica das ordes clásicas, encima dos soportes e constituído por arquitrabe, friso e cornixa.



Éntase: engrosamento do fuste dunha columna, na súa parte central, para corrixir as desviacións da perspectiva e conseguir que pareza recta en lugar de cóncava, que é como parecería de carecer de entáse. (dereita)



Escultura de vulto redondo: aquela que pode ser contemplada desde calquera punto de vista ao seu redor pois non está adosada a nada e está traballada por todos os lados. Tamén denominada exenta.

Pola contra o relevo está realizado sobre unha superficie sobre a que resaltan en maior ou menor medida, o que da lugar á diferenciación entre alto e baixo relevo.

Escultura exenta: escultura de vulto redondo. Aquela que non ten contacto con ningún muro ou parede.



Esfumado/sfumato: Técnica pictórica consistente en difuminar os contornos e os tons das figuras para conseguir plasmar efectos atmosféricos e dar profundidade. O artista Leonardo da Vinci foi o seu gran difusor no Renacemento.



Espazo límite e medio. Introducción: o relevo ou a pintura ten un soporte no que se desenvolve, ás veces está supeditado a ese soporte (a **lei do marco** da arte románica) pero acaba por superar ese marco, saírse del.

O historiador da arte H. Focillon diferencia entre:

Espazo límite (escultura. Véxase H. Focillon, “La vida de las formas”): espazo delimitado por elementos arquitectónicos que inflúe nas formas do relevo ó limitar a súa expansión de xeito que este adquiere forma mural, modera os volumes e só suxire o movemento sen romper a continuidade de planos. O espazo concibido como límite é propio da arte grega arcaica ou da arte románica.



Espazo medio (escultura. Véxase H. Focillon, “La vida de las formas”): espazo aberto á expansión dos volumes escultóricos de modo que supera os límites impostos pola arquitectura, estendéndose como formas vivas en planos múltiples e contrastados que a luz quebra. Favorece a dispersión dos volumes, o xogo de baleiros e as rupturas bruscas. É propio da arte helenística ou da arte barroca.



Estatua columna: estatua de canon xeralmente esvelto, adosada ao fuste dunha columna ou a un muro e aproximadamente da súa mesma altura.



Estatua ecuestre: escultura en vulto redondo que representa unha figura humana a cabalo. Ten un carácter de obra conmemorativa de personaxes relevantes.



Estilo: Conxunto de trazos orixinais e persistentes dun artista, dunha época, dunha escola ou dunha zona xeográfica, que permiten identificar as obras como feitas por el ou neles.

Así podemos falar do estilo de Velázquez, do estilo mozárabe, do estilo impresionista ou do estilo gótico francés.



O termo deriva do estilo -*stylus*-, punzón de madeira, marfil ou de oso rematado no outro extremo en espátula para poder borrar alisando o barro ou a cera. Empregouse en Mesopotamia para escribir sobre táboas de arxila e en Roma sobre superficies enceradas.




Os estilos de bronce recibiron a denominación de *graphium*.

A dereita podes ver un fresco de Pompeia no que a muller porta o *stylus* e as táboas enceradas formando un *codex*.

Arriba á esquerda, varios estilos e taboíñas de arxila con escritura cuneiforme.

Friso: faixa decorativa de desenvolvemento horizontal, situada entre o arquitrabe e a cornixa no entaboamento das ordens clásicas.
(2)
Tamén se aplica a calquera faixa decorativa horizontal.



Fuste: Corpo cilíndrico da columna desde a basa ata o capitel.



Iconografía: ciencia que dentro da Historia da Arte estuda a orixe, formación e desenvolvemento dos temas figurados e dos atributos cos que se poden identificar e dos que adoitan acompañarse.

Iconoloxía: ciencia que dentro da Historia da Arte estuda o sentido que as formas, as imaxes,... dunha obra, posúen en canto concirne ao alegórico ou simbólico dependente do momento e lugar no que foi creada.

Onde está a diferenza exactamente dos dous termos anteriores?



Simplificando moito, podemos dicir que a interpretación iconográfica dunha obra, identifica o tema e a describe os elementos simbólicos que nela aparecen, pero a interpretación iconolóxica dá un paso máis ó afondar no seu significado en función do contexto no que foi realizada.

Á esquerda temos unha representación de Santa Inés (Fernández Pacheco), portando a palma do martirio e acompañada dun cordeiro. É a **forma iconográfica** coa que habitualmente se representa. Se coñecemos eses atributos, recoñeceremos sempre a súa imaxe, é dicir dominamos a iconografía da santa.

Pero que significan eses atributos?, ese é o **estudio iconolóxico** a través do cal buscaríase o significado e a orixe de cada atributo: a palma, o

cordeiro, a aureola.




Imposta: fiada de pedra ou ladrillo, a miúdo sobresaínte, sobre a que se asentan un arco ou unha bóveda. (dereita)


Liña serpentinata: concepto tradicional na arte que designa á líña ou figura que se parece a unha forma sinusoidal ou serpentina en "S"



Ménsula: peza ornamental en beiral e voada que serve para sostener algún elemento arquitectónico (balcóns, cubertas, arcos).




Métopa: espazo rectangular que media entre dous triglifos no friso da orde dórica. Adoita ornamentarse con relevos ou simplemente con cor. (Na imaxe en verde)




Modelado: execución en barro ou cera, dun modelo escultórico que se ha realizar en material máis consistente.

En pintura, todo o que lle dá aspecto de vulto redondo, é dicir tridimensional.

A pintura sèrvese fundamentalmente da cor e a luz.



Nártice ou nártex: espazo das basílicas paleocristiás situado na entrada principal e aberto ao patio porticado, reservado aos catecúmenos. Nas igrexas románicas identifícase co vestíbulo da portada principal. Tamén chamado nártex.



Natureza morta/bodegón: xénero de pintura que representa seres inanimados, como animais mortos e vexetais, así coma obxectos e útiles diversos. Tamén se denomina bodegón..





Paisaxe: obra pictórica que reproduce un exterior natural ou inspirado na natureza. A partir do século XVI a paisaxe converteuse nun xénero pictórico propio.



Parteluz ou mainel: elemento vertical, en forma de columna ou piar, que divide a anchura ou luz dun vano, fiestra ou porta.



Pendente ou pechina: triángulo curvo que soporta unha cuberta semiesférica ou cúpula. Serve para pasar da planta cadrada á circular polo que se precisan catro pendentes.



Perspectiva xerárquica: aquela na que se representan con maior tamaño as personaxes que pola súa importancia queren ser resaltados. Propia da Idade Media e tamén denominada perspectiva teolóxica.



Perspectiva aérea: aquela que intenta representar a atmosfera que envolve os obxectos, debuxando os fondos máis esvaídos para producir a sensación de profundidade. Toma en consideración a gradación dos tons e a imprecisión das liñas producida pola intermediación da atmosfera.



Perspectiva lineal: aquela na que as figuras dispóñense ó longo de liñas imaxinarias ou reais - liñas de fuga-, que converxen nun punto de fuga e son cada vez máis pequenas a medida que se desexa presentalas máis lonxe do espectador.



Piar: soporte vertical exento de sección cadrada, rectangular ou poligonal.

Pictórico: en principio, é a arte da representación gráfica utilizando pigmentos mesturados con outras sustancias orgánicas ou sintéticas. Tamén se emprega para referirse a aquelas obras de arte que polas súas calidades producen unha gran sensación de textura.




Pilastra: piar non excesivamente groso adosado ao muro. (esquerda)




Planta (ampliación non entra no vocabulario ABAU pero é importante): representación da sección horizontal dun edificio (plano). Nela reflíctense os muros, os soportes, os vanos e as cubertas. **En principio diferenciamos dúas modalidades:** **plantas lonxitudinais**, nas que domina ese eixo (planta de cruz latina, planta basilical) e **plantas centralizadas** (circular, de cruz grega).


Plan central: aquela na que os muros exteriores equidistan aproximadamente dun punto central. Adopta as formas circulares, poligonais e de cruz grega.




Planta basilical: planta lonxitudinal de forma rectangular. Adoita estar dividida en naves separadas por columnas e rematadas nunha ou máis ábsidas. (dereita)



Planta cruz grega: planta centralizada en forma de cruz cos catro brazos iguais. (esquerda)




Planta cruz latina: planta lonxitudinal en forma de cruz cun travesaño máis curto que o outro. O brazo menor denomínase **transepto** e o lugar no que ambos se cruzan é o **cruceiro**. Pode presentar unha o varias naves. (dereita)



Plástico: arte de plasmar ou modelar obxectos en materiais brandos e dúctiles. Tamén se refire ás calidades dunha obra que a fan expresiva especialmente pola consecución de calidades formais.

Presbiterio: espazo na cabeceira das igrexas que circunda o altar maior ou o antecede, normalmente separado da nave por uns banzos, e que se reserva aos sacerdotes. (inferior)



Retrato: reprodución artística pictórica, escultórica ou fotográfica, dunha persoa. Pode ser individual ou de grupo; de corpo enteiro, de medio corpo ou de busto;. Cando se fai dun mesmo recibe o nome de **autorretrato**.

Rosetón: vano circular calado con decoración de tracería e ás veces pechado con vidreiras de cores, que aparece sobre todo na arte medieval gótica.




Técnica de panos mollados: técnica escultórica de modelado plástico, conseguido por medio dos panos da roupa, tratados como se estiveran mollados de xeito que se pegan ao corpo e acusan as súas formas.



Se a técnica comezou con Fidias, contou con seguidores que o aplicaron con grande virtuosismo nas figuras veladas, como este *Cristo Xacente* de Sanmartino.



Tímpano: espazo delimitado polo lintel e as arquivoltas nas portadas románicas e góticas ou tamén o espazo triangular no interior dun frontón. Adoita recibir relevos.




Torso: representación anatómica dunha figura que carece de cabeza, e de extremidades. Como a maioría de esculturas clásicas sobreviviron mutiladas, os artistas do Renacemento tomaron o modelo como tal e así perviviu como exemplo de estudo anatómico.




Tribuna: galería sobre a nave lateral e da súa mesma anchura que se abre á nave central dun templo e onde poden acomodarse os fieis. É característica das igrexas de peregrinación. Inspirado n o matroneum das basílicas paleocristianas.




Triforio: Pequeno pasadizo de circulación aberto en ventanais de carácter ornamental por riba das arcadas das naves. Propio da arquitectura gótica. Tamén chamado ándito.



Tríglofo: Elemento arquitectónico con forma de rectángulo saínte e surcado por tres acanaladuras verticais -glifos-, que serve de decoración. Caracteriza o friso da orde dórica e alternase regularmente coas metopas. (Na imaxe en vermello)



Trompa: a trompa é a estrutura triangular rematada en forma de bovedíña que serve para achafanar as esquinas e máis concretamente para sustentar a bóveda semiesférica que se levanta sobre base poligonal.



Veladura: Superposición de finas capas de pintura transparente sobre outras de cor opaca. Esta técnica, propia do óleo, suaviza os tons e ofrece unha especial luminosidade a modo dun velo transparente. (dereita)



Xamba: elemento vertical que sostén a parte superior que pecha un vano (arco ou lintel) sempre que non sexan columnas. (abaixo)

